


REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 05/11/2018 9:34:36

SAIDA 13828/18



Reclamante:

Expediente. Nº **RSCTG 101/2018.**

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia nas reclamacións presentadas ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por mediante escrito do 30 de agosto de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta o seguinte acordo:

ANTECEDENTES

Primeiro. presentou, mediante escrito que tivo entrada o 30 de agosto de 2018, no rexistro do Valedor do Pobo, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación, por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información presentada ante o Concello da Coruña sobre a titularidade da estrada que comunica Bens e Suevos no tramo que discorre no termo municipal da Coruña.

Acompaña co seu escrito de recurso, copia da súa solicitude ao referido concello, con data de entrada no rexistro telemático do 11 de xullo de 2018.

Segundo. O 4 de setembro de 2018 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello da Coruña para que, en cumprimento da normativa de transparencia, remitise informe e copia completa e ordenada do expediente. Consta a recepción do dito traslado o 12 de setembro de 2018.

Terceiro: Con data do 25 de setembro de 2018 a o Concello da Coruña remite informe no que manifesta que coa finalidade de determinar a titularidade da estrada que comunica

Bens con Suevos, no tramo que discorre polo termo municipal da Coruña, iniciouse o correspondente expediente de investigación consonte ao disposto no Regulamento de Bens das Entidades Locais e que se informou ao solicitante que na actualidade esta a tramitarse o referido expediente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei 1/2016, do 18 de xaneiro establece que a competencia para resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, de 18 de xaneiro, reconece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións se pode falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente exixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

No presente caso o reclamante presentou a súa solicitude con data do 11 de xullo de 2018, interpoñendo a correspondente reclamación o 26 de agosto de 2018, na que manifesta que non obtivo contestación por parte do concello. O Concello da Coruña no seu informe, afirma que comunicou ao solicitante que na actualidade se está a tramitar expediente de investigación da titularidade da estrada, pero non resolveu expresamente, polo que a reclamación presentou en prazo, debendo ser admitida.

Quinto.- Análise do expediente.

De acordo co establecido no citado artigo 24 da Lei 1/2016, información pública é calquera contido ou documento, en calquera soporte ou formato, en poder dun suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta Lei, neste caso o Concello da Coruña, que fose elaborado ou adquirido en exercicio das súas funcións. O reclamante solicitou coñecer se o tramo que discorre polo Concello da Coruña da estrada que comunica Bens e Suevos é de titularidade do Concello da Coruña.

A información solicitada polo reclamante non é unha información que neste momento este en poder do Concello da Coruña, polo que non entra dentro do concepto de información pública establecido na Lei e en consecuencia, debe desestimarse a reclamación presentada.

Sen embargo, tal e como informa o Concello, ante a solicitude da referida información, iniciou un expediente de investigación para obter esa información, polo que no momento no que se obteña a mesma, deberá proporcionarlle ao solicitante.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

ACORDA


Único: Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] contra a falta de resolución expresa da súa solicitude de información sobre a titularidade da estrada de Bens e Suevos no seu paso polo Concello da Coruña, se ben a dita información deberá ser comunicada ao interesado no momento no que sexa coñecida polo Concello da Coruña

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto

no artigo 8.3 a Lei 29/11018, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia



Milagros Otero Parga